

**COMITÉ DE POLÍTICA ESPECIAL E DESCOLONIZACIÓN DA
ORGANIZACION DE NACIONS UNIDAS (ONU)**

SAHARA OCCIDENTAL

Nova York, 10 de outubro de 2007

Intervención de Ana Miranda
Responsábel Comisión Emigración do Bloque Nacionalista
Galego (BNG)
Vicepresidenta da Alianza Libre Europea (ALE)

Señor Presidente, Embaixadoras e Embaixadores, Delegadas e Delegados participantes no IV Comité de Descolonización e de Políticas Especiales das Nacións Unidas:

É unha honra poder intervir nesta Comisión como peticionaria sobre o Sáhara Occidental, **en representación do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, xa que o meu país, **Galiza**, ten unha profunda vocación internacional, pola súa diáspora presente en todo o mundo, e un compromiso cos dereitos dos pobos e, en especial **coa loita do pobo saharauí e da Fronte Polisaria, súa lexítima representante política**, polo cumprimento da legalidade internacional. Pero é, sobre todo, unha enorme responsabilidade, trasladar nesta petición, o clamor das personas e colectivos da sociedade civil galega, española e europea que, de forma solidaria, apoian a ese pobo digno que sofre unha das **violacións de dereitos humanos máis flagrantes da nosa época**. Como galega e europea, en calidade de respresentante do BNG e Vicepresidenta da Alianza Libre Europea, solicitamos públicamente que a **Organización das Nacións Unidas**, asuma plenamente e coa maior urxencia os compromisos internacionais adquiridos.

A ollada internacional sobre o Sahara Occidental¹ ten que mudarse definitivamente, pois non se trata exclusivamente dun problema humanitario como se nos quere facer crer á opinión pública mundial, senon dun **tema político de descolonización** e é, precisamente esta institución, a ONU, o lugar axeitado para a produción dunha solución pacífica, que, en consecuencia, esixe unha **resposta política contundente en favor da libre autodeterminación do Pobo Sahariano, e non medidas cosméticas** que avergoñan o papel de Nacións Unidas no mundo cun pseudocumprimento hipócrita das súas resolucións. As palabras usadas en Política Internacional teñen que ser as correctas, as que reclama a sociedade civil europea, os colectivos de solidariedade e as organizacións políticas como as que hoxe represento, así como o Parlamento Europeo, para por fin **á marxinação como seres humanos individuais, e colectivos, como pobo, das mulleres e homes saharauis**.

Polo tanto tanto, consideramos e solicitamos ás Nacións Unidas, que se cumpla a legalidade internacional no seguinte senso:

En primeiro lugar, afirmamos que a cuestión do Sahara Occidental é un asunto xurídico internacional de descolonización, que vincula as Nacións Unidas, e polo tanto, é necesario aplicar a

¹ Resolución 1598 (2005), de 28 de abril de 2005, e Resolución 1495 (2003), do Consello de Seguridade das Nacións Unidas sobre o Sáhara Occidental, refrendadas o 11 de outubro de 2005 pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas e Informe do Secretario Xeral ao Consello de Seguridade sobre o Sáhara Occidental (abril de 2005).

responsabilidade plena desta institución, pois non se trata dunha cuestión de soberanía interna de Marrocos, Estado que dende 1975, exerce unha ocupación ilegal dun territorio que non lle pertence, ao ter realizado unha anexión ilegal. O Sahara Occidental é un **Territorio Non Autónomo**, que sofreu unha invasión e ocupación **de forma ilegal por parte de Marrocos, que non ostenta ningún título de soberanía sobre o mesmo** (tal como dictaminou o Tribunal de Xustiza da Haia), incumprindo a legalidade internacional e liberdades concretas como a liberdade de expresión e de circulación nos territorios ocupados, nos que se exerce unha forte opresión, tamén sobre nenos, mulleres e personas de avanzada idade². En consecuencia, debe ser **restablecida a devolución xurídica deste territorio aos seus lexítimos donos, o Pobo Saharui**, co fin de garantir a estabilidade e paz da área.

Polo tanto, consideramos innegociábel e necesario realizar de forma urxente un referéndum de autodeterminación que conlevaría, definitivamente **a descolonización da ex colonia española do Sahara Occidental**. Neste senso, o Goberno español debe cumprir coas súas obrigas e responsabilidades e clarificar a ambigüedade cara o tema en contra da opinión dunha gran parte da sociedade española que apoia e respeta que o Sáhara Occidental deba ter por lexitimidade histórica, seu propio Estado.

Castelao, unha das figuras políticas máis representativas da historia galega, no exilio americano -tamén nesta cidade de Nova York- afirmou que "non hai peor desterro que aquel que se sofre no propio país". Así é, **o pobo saharui é un pobo desterrado, ao que lle privou da súa terra, do seu mar e aire, dos seus recursos naturais. Marrocos está explotando ilegalmente os recursos naturais do Sahara Occidental**, e non se muda a natureza do espazo que se explota nen se pode lexitimar unha actuación contraria ao ordenamento internacional polo aproveitamento dos recursos do seu subsolo e plataforma económica exclusiva, e polo tanto, **a Unión Europea non está exenta de responsabilidade como suxeito internacional**, por exemplo, na asinatura dos acordos de pesca co Reino de Marrocos.

Nesta instancia internacional, lembramos hoxe, a pacífica loita do pobo sahariano e das súas autoridades, levando a ollada global cara a situación concreta das nenas e nenos desterrados nos campamentos de refuxiados perto da cidade de Tindouf ao oeste de Arxelia. A **infancia sahariana** non coñece o seu mar, moitos deles viron por vez primeira o Océano Atlántico que nos une, no meu país, Galiza. Sobreviven nunhas condicións de vida durísimas, grazas ao inestimable esforzo das súas nais, as **Mulleres Saharianas**, que merecen un respeito profundo, nunha paisaxe sen horizonte de esperanza, de ar e area, nunha situación infrahumana que provoca enfermidades e alteracións do crecemento. Reciben educación en

² Amnistía Internacional e da Organización Mundial contra a Tortura (OMCT)

árabe e español, e aínda que falten lápices e cadernos, nunca falta unha cadeira nas humildes escolas dos campamentos. Estes cativos non saben que é a Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada nesta institución, nen lles chega a mundialización da sociedade da información, pero aínda así, saben moito de xeopolítica, porque a súa identidade como pobo está en perigo, e soñan con que un día poderán vivir no Sahara libre do que lle falon seus avós. Puiden ver esta realidade en directo, nunha experiencia inesquecible, con motivo da visita dunha Delegación do Parlamento Europeo en 2001, comprobando a dignidade da organización social, política, económica e sanitaria que a R.A.S.D. ten nos campamentos e a boa xestión da axuda humanitaria que reciben. Pola contra, outros observadores galegos e europeos non puideron coñecer a situación en directo, impedidos por Marrocos para acceder ao Sahara Occidental como observadores independentes, ao seren expulsadas o ano pasado varias delegacións. Este feito demostra a evidencia de que Marrocos non quere permitir ver a realidade da súa acción ilegal.

Nesta institución, onde foron aprobadas máis de medio centenar de resolucións sobre o tema, reclamamos como peticionarios e cidadáns da comunidade internacional, que non se silencie durante máis tempo o feito de ter deixado un pobo cun futuro condicionado durante máis de tres décadas. A Organización de Nacións Unidas (ONU) debe esixir o cumprimento inmediato das súas resolucións e a restitución da legalidade por parte de Marrocos ao Pobo Saharahui.

Chamamos súa atención para que esta situación ilegal mude, cunha ollada cara o futuro, cara o Pobo Saharai e en especial cara esas nenas e nenos, aos que se lle cortou a esperanza no deserto, e que teñen dereito a vivir, a medrar e a formarse no seu país. Para ver o seu mar, as súas árbores, súa terra e sobre todo, **o horizonte da liberdade nun país libre e soberano, o Sahara Occidental.**

Señoras e Señores representantes ante este Comité de Nacións Unidas, moitas grazas.